

## MATEMÁTICAS

- Leer y observar el cuadro rojo.
- Pág. 118 ej. 1 y 2. (Poner la fecha).
- Dibuja un plano de tu casa indicando dónde está la cocina, el salón, tu habitación, etc. (Fíjate en el plano del ejercicio 2)

### La situación de los objetos

El croquis informa de la ruta para la excursión que harán Macarena y Jorge con su club de senderismo.




Los croquis, los planos y los mapas son representaciones, sobre el papel, del espacio que nos rodea, y los utilizamos para orientarnos, marcar recorridos, indicar la situación de los objetos, etc.

#### 1 Observa el croquis superior y responde.

- ¿Cómo se llama el pueblo donde les dejará el autobús?
- ¿En qué dirección avanzarán los senderistas al iniciar el recorrido?
- ¿Dónde realizarán la segunda parada?
- ¿Qué lugar visitarán después de atravesar el Paso del Lobo?

#### 2 Este es el plano de la casa de Teresa:



- ¿Cuántos dormitorios tiene?
- ¿Qué es más grande, el salón o la cocina?
- Si sales de la cocina, ¿qué ves enfrente? ¿Y a la derecha?

## LINGUA GALEGA

- **Lectura tema 9.** Ler detidamente o texto e as palabras definidas na marxe.

# 9 O día que naceu o trigo (27)

### Acerca da lectura

Trigidia era tan fermosa que nin os raios de sol podían competir cos seus cabelos de ouro. Un día, tras moito camiñar, a nena sentou a descansar sobre unhas matas e quedou profundamente durmida.

O sol deita os seus raios sobre os campos de trigo.  
A nena cobre de ouro as pregas do seu vestido.

Que fermosa está a nena cos seus raios durmidos!  
Que ninguén a esperte!  
Que non fagan ruído!

A terra, namorada, apoderouse de Trigidia. Primeiro cubriu-na con follas; despois, fixo que o vento arremuiñase a maleza para ocultala; finalmente tragouna, soterrándoa\* baixo unha fina capa de pedras e po.

Durante días, toda a vila a buscou sen éxito. Durante noites, a terra envolveu máis e máis o corpo da nena. Así pasou o tempo, chegaron as chuvias e con elas a primavera.

A terra quixo que todos soubesen o feliz que se sentía.

Entón floreceu no campo a primeira espiga dourada.

Unha espiga coa cor do cabelo de Trigidia, a súa esvelteza\*, a súa fermosura, o brillo dos seus ollos, a maxia da súa forma e a forza do seu sorriso.

Non foi a única. Nos días seguintes naceron máis e máis, centos, miles de espigas, coma un canto da terra polo amor que sentía. Ata que todo o campo foi coma un océano dourado que se movía ao compás do vento, formando ondas.

Unha mañá, unha eiruga pasou polo rostro de Trigidia e ela, co próido\*, esbirrou e abriu os ollos. Foi o seu despertar. Apartou a terra que a cubría e ergueuse sen apenas recordar nada. Despois botou a correr e regresou á vila, onde xa todos a daban por desaparecida. Cando contou o sucedido, todos foron ao campo moi enfadados..., pero alí se atoparon con aquel océano de ouro.

Nin sequera sabían o que era.

—Perdón —díxolle entón a terra—. Só quería ter un pouco de sol no meu interior.

Trigidia acariñouna. Cortou un guecho\* de cabelo e enterrou-no ali mesmo, onde estivera durmida. Prometeulle regresar ao comezo de cada estación, para falarlle e xogar con ela.

Os homes chamaron *trigidias* a aquelas espigas; máis tarde, *trigrias* e, finalmente, *trigo*.

Ainda que iso sucedeu hai centos de anos.

Jordi Sierra i Fabra e Antonio García Teijeiro:  
*Contos e poemas para un mes calquera*, Ed. Planeta&Oxford,  
col. Camaleón (adaptación).

\***soterrar:** Cubrir con terra.

\***esvelteza:** Boa figura, alta e ben proporcionada.



Sabes moverte pola biblioteca?  
Terás que demostrarlo.

\***próido:** Sensación molesta na pel.



\***guecho:** Porción de pelo.



- Páx. 144 e 145 ex. 1, 2, 5, 6, 7, 8 e 9. (Pór a data).
- Reflexionar: páx. 144 ex. 3 e 4

## Comentario da lectura

### Comprendo as palabras

- 1 Busca na lectura, nos parágrafos que se indican entre parénteses, un antónimo de cada palabra:

destapouna (1) fracaso (2) triste (3)  
gordura (5) esquecer (7) deitouse (7)

- 2 Eixe o significado correcto para cada palabra e escribe unha oración con cada unha:

maleza

- a) Vexetación formada por herbas e silvas. b) Conxunto de cabelos longos dunha persoa.

esvelta

- a) Alta e ben proporcionada. b) Demasiado delgada.

esberrar

- a) Expulsar polo nariz o aire de maneira brusca e ruidosa.  
b) Espertar de maneira repentina.

- 3 Explica coas túas palabras por que o autor se refire ao campo como un «océano dourado».

- 4 E por que di que o campo «se movía ao compás do vento»?



### Reflexiono

- 5 Fíxate no poema. Onde deita os seus raios o sol?

- Que nos pide o poeta? Por que?

- 6 Situamos agora o conto:

- Onde ten lugar esta historia?
- En que época do ano se desenvolve a maior parte do conto?

- 7 Cita os personaxes que aparecen. Quen é o protagonista?

- 8 Observamos agora a forma:

- O narrador escribe en 1.ª ou en 3.ª persoa?
- Hai algún fragmento con diálogo? Que personaxe fala?

- 9 Relaciona as dúas columnas e escribe:

pel	de carbón
ollos	de coral
bágoas	de cristal
labios	de seda



### OBSERVO E FALO

#### Xogo: E como é?

- 1 Xogamos a atopar os compañeiros?

1. Botamos ás sortes quen é a «nai».
2. A «nai» debe pensar o nome dun compañero e dicir que se perdeu.
3. Os demais deberán «atopalo» preguntando polas súas características.
4. A «nai» só pode responder si ou non.

NAI: Perdeuse, perdeuse...

NENOS E NENAS: Quen se perdeu?

NAI: Preguntade, preguntade  
que xa vos direi...

NENOS E NENAS: É louro?

NAI: Non.

